

## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DOUS DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 4546/2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA.  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **SECRETARIO ACCIDENTAL:**

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

#### **INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 2 de agosto de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión extraordinaria-urxente da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D<sup>a</sup>. Maria Isabel Rodríguez López

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

## Concello de Viveiro

---

### **1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

A urxencia da sesión xustifícase nos seguintes motivos:

- **EXPTE. 884/2017.-** Necesidade de aprobar canto antes a factura ante a necesidade de facer fronte ao pagamento das reparacións efectuadas no Colexio Landro.
- **EXPTE. 4459/2017.-** Necesidade de que a entidade “*Bágoas da Terra*” teña liquidez para afrontar o pagamento da organización dos distintos eventos que integran a “*Mostra Folklórica Internacional*”, que comeza no día de mañá, 3 de agosto de 2017.
- **EXPTE. 3349/2017.-** Necesidade de proceder a súa urxente aprobación, para solicitar ao organismo “*Augas de Galicia*” a autorización precisa para a celebración dos festexos, que se desenvolverán entre os días 25 e 29 do presente mes, ambos incluídos.
- **EXPTE. 4351/2017.-** Necesidade da aprobación de expediente de obra incluído no *Fondo de Compensación Ambiental 2017*, ao ter que xustificar os investimentos con data límite a 15 de novembro de 2017, o que conlevará o previo período de tramitación do expediente e prazo de execución da obra, fixada no proxecto de obra en 3 meses.
- **EXPTE. 4150/2016.-** Necesidade da devolución de aval, debido a que o contrato rematou a súa vixencia o 1 de maio de 2008 e que desde aquela data quedou pendente a devolución da garantía definitiva do contrato e por contar no momento actual con informes favorables para proceder á devolución.

### **2.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 884/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 884/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “**Construcciones Metálicas Cotarelo SL.**”, por un importe total de **16.725,83 €**, que constan no **expediente 884/2017.**

Resultando que en data 18 de xullo de 2017 por parte de Alcaldía procedeuse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención, en base ao seguinte:

## Concello de Viveiro

---

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. O Colexio Landro é un colexio concertado, polo que non é competencia do Concello de Viveiro o mantemento e investimentos no mesmo, de xeito que o devandito gasto pode entenderse como unha subvención en especie, dado que a factura ven dirixida o nome do Concello, concedida directamente de xustificarse o carácter excepcional e acreditar as razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, a que se refire o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS). Para conceder a subvención en especie, regulada na Disposición Adicional quinta da LXS, o beneficiario debe cumprir os requisitos do artigo 13 da LXS, debe existir consignación orzamentaria, e o gasto en especie debe tramitarse conforme ca normativa de contratación administrativa.*

*2. Existe consignación no vixente Orzamento prorrogado en 2017 na aplicación 3231.479 para o importe de 16.725,83 €.*

*3. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación do gasto obxecto de informe, en canto supón un gasto realizado sen os trámites de consignación orzamentaria previa, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de concesión de subvencións indicados no apartado 1 anterior.

Tendo en conta que, en data 15 de xuño de 2017, se procedeu ao levantamento do reparo mediante Resolución de Alcaldía que copiada literalmente di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*

*Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Construcciones Metálicas Cotarelo SL, por un importe total de 16.725,83 €, que constan no expediente 884/2017.*

*Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. O Colexio Landro é un colexio concertado, polo que non é competencia do Concello de Viveiro o mantemento e investimentos no mesmo, de xeito que o devandito gasto pode entenderse como unha subvención en especie, dado que a factura ven dirixida o nome do Concello, concedida directamente de xustificarse o carácter excepcional e acreditar as razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, a que se refire o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS). Para conceder a subvención en especie, regulada na Disposición Adicional quinta da LXS, o beneficiario debe cumprir os requisitos do artigo 13 da LXS, debe existir consignación orzamentaria, e o gasto en especie debe tramitarse conforme ca normativa de contratación administrativa.*

*2. Existe consignación no vixente Orzamento prorrogado en 2017 na aplicación 3231.479 para o importe de 16.725,83 €.*

*3. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación do gasto obxecto de informe, en canto supón un gasto realizado sen os trámites de consignación

## Concello de Viveiro

---

*orzamentaria previa, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de concesión de subvencións indicados no apartado 1 anterior.*

*Tendo en conta que segundo se indica no punto 2 do informe “existe consignación no vixente Orzamento prorrogado en 2017 na aplicación 3231.479 para o importe de 16.725,83 €”, polo que en atención ao disposto no artigo 217 do TRLRHL corresponde o seu levantamento ao Alcalde.*

*Tendo en conta que a factura referida se emite por unha obra executada no Colexio do Landro, entendéndose como unha colaboración atendendo á vinculación entre o obxecto da mesma e as competencias municipais en materia de educación.*

*Tendo en conta a advertencia referida con respecto á tramitación dunha subvención en especie, para poder levar a cabo este tipo de actuacións, por parte deste concello, en supostos similares, procederase á tramitación do expediente correspondente.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a natureza das obras e os seus destinatarios, segundo o manifestado nos antecedentes referidos.*

*III. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II e III.*

*Mándoo e asínoo en Viveiro, na data que figura á marxe.*

*A Alcaldesa, Ante min, aos efectos do artigo 2.e do Real Decreto 1174/1987*

*A Secretaria Xeral.*

*(documento asinado dixitalmente á marxe)”*

*Tendo en conta que en data 19 de xuño de 2017 a Interventora Municipal emitiu un informe no que se indica que:*

*“Logo de ver Resolución da Alcaldía de 15/06/2017, en relación ó levantamento do reparo emitido pola Intervención en data 18/05/2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas a elevar a Xunta de Goberno Local, emitida por Construcciones Metálicas Cotarelo SL, por un importe total de 16.725,83 €, que constan no expediente 884/2017, a que subscribe pon de manifesto o seguinte:*

- 1. Non figura a xustificación do carácter excepcional da subvención, así como a acreditación das razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, a que se refire o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- 2. Non consta a existencia do cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos do artigo 13.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Polo exposto, emítase o presente informe os efectos procedentes na data que figura á marxe.”*

*Resultando que, á vista do informe emitido pola Intervención Municipal, se procedeu ao requirimento da documentación xustificativa do cumprimento*

## Concello de Viveiro

---

*por parte do beneficiario dos requisitos do artigo 13.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións, constando documentación ao efecto no expediente.*

*Tendo en conta que o Colexio do Landro é un colexio privado que está concertado pola Xunta de Galicia, é dicir, é necesario para atender a finalidade de ensinanza de primaria nos nenos e nenas de Viveiro, o que explica as razóns de interese xeral. Aínda que o mantemento dos colexios concertados corresponde á Xunta de Galicia e non ao Concello, este procedeu ao arranxo do patio do colexio, previo proxecto e solicitude de licenza por parte do mesmo, de forma puntual e singular aos efectos de que os nenos e nenas de Viveiro matriculados neste colexio dispoñan dun patio en adecuadas condicións, polo que se entende xustifico o carácter excepcional e as razóns de interese público e social da dita actuación municipal.*

*Tendo en conta que este é o único colexio concertado no Concello de Viveiro enténdese, así mesmo, xustificada a falta de convocatoria pública, por non resultar factible a comparación con outras solicitudes que persigan a mesma finalidade neste Concello.*

*Por todo o exposto RESOLVO:*

*PRIMEIRO: Entender cumprimentado o requirimento e indicacións efectuados pola Intervención, dándolle traslado do mesmo aos efectos oportunos."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 884/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **3.- ANTICIPO SUBVENCIÓN.**

## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 4459/2017.- “BÁGOAS DA TERRA”**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, na que se indica:

Que na sesión ordinaria, da Xunta de Goberno Local, do 31 de xullo de 2017, aprobouse un Convenio de colaboración coa asociación “Bágoas da Terra”, de vixencia durante o ano 2017.

- Na cláusula primeira dese convenio se indica “O Concello de Viveiro aportará á entidade cultural “Bágoas da Terra de Viveiro” a cantidade de 12.000,00 € para o exercicio 2017 como subvención.

.....

Da citada cantidade aprobada poderase anticipar ata un 90 % (10.800 €). Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos da “XXXIX MOSTRA FOLKLORICA INTERNACIONAL DE VIVEIRO”.

- Que en data 31 de xullo de 2017 se recibe solicitude, no Rexistro Xeral co nº 2017-E-RC-4881, de abono de anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación.

Visto que consta informe favorable de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o anticipo del 90% da subvención por importe de 10.800,00 euros, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3340-48906 (Subvención Bágoas da Terra).

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pagamento deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria ós efectos do acordado no punto segundo e ós Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento.

### **4.- APROBACIÓN DE MEMORIA.**

## Concello de Viveiro

---

### EXPTE. 3349/2017.-

Dase conta da “*Memoria de seguridade e plan de inundacións da Romería de Naseiro*”, elaborada pola empresa “*Previnem S.L.*”, con CIF B-70395637, para a celebración da Romería de Naseiro os días 25 a 29 de agosto de 2017, ámbolos dous incluídos, que consta dos seguintes documentos:

1. **Proxecto técnico**, redactado polo enxeñeiro técnico naval e oceánico, D. *José Manuel Rebollido Lorenzo*, integrado polos seguintes documentos: 1) Obxecto-xustificación; 2) Normativa urbanística (condicións de uso); 3) Control ambiental e impacto acústico; 4) Instalación estruturas movís; 5) Plan de tráfico e estudo de mobilidade; 6) Instalación eléctrica; 7) Cumprimento doutra normativa de aplicación (medios sanitarios e seguridade fronte a incendios); 8) Plan de emerxencia; 9) Planos. O evento obxecto do proxecto está incluído no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, de 18 de novembro, e modificado polo Decreto 160/2005, de 2 de xuño.
2. **Plan de Autoprotección**, redactado polo Técnico Superior de Prevención de riscos laborais e comúns, D. Daniel Lorenzo Mirén e asinado polo seu director, D. *José Luis Bernandez Abalairas*, como organizador da Romería de Naseiro, integrado polos seguintes documentos: 1) Obxecto; 2) Normativa e contidos do Plan de autoprotección; 3) Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade; 4) Descrición da actividade e identificación do medio físico no que se desenvolve; 5) Inventario análise e avaliación dos riscos; 6) Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección; 7) Programa de mantemento das instalacións; 8) Plan de actuación ante emerxencias; 9) Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior; 10) Implantación do Plan de Autoprotección; 11) Plan de tráfico e mobilidade. O referido *Plan de Autoprotección* inclúe como documento anexo ao mesmo, un Plan de Actuación en caso de Inundación, que establece a estrutura e os protocolos de actuación en caso de que se manifeste o referido risco na zona da Romería.
3. **Anexo** referido a documentos requiridos no artigo 42 da *Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade económica de Galicia, sobre a tramitación de licenzas municipais para espectáculos públicos*.

Dase conta igualmente do informe favorable para aprobación da referida memoria, emitido o día 1 de agosto de 2017 por D. Manuel Expósito López, en calidade de responsable do Servizo de Emerxencias e protección Civil do Concello de Viveiro.

## Concello de Viveiro

---

Visto que a memoria consiste na xustificación do cumprimento da normativa aplicable na Romería do Naseiro, tamén coñecida popularmente como Romaxe do Bo Xantar, que terá nas inmediacións da Capela dos Remedios, no Concello de Viveiro, nun recinto acondicionado *ad hoc* para o evento con distintas instalacións de carácter temporal e que a súa redacción é esixible para obter as autorizacións necesarias do organismo “*Augas de Galicia*”, que posibiliten a celebración do festexo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a “*Memoria relativa ao Plan de Seguridade e Autoprotección da Romería de Naseiro*” de data 1 de agosto de 2017, redactada polos Técnicos, D. José Manuel Rebollido Lorenzo e D. Daniel Lorenzo Mirón.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Contratación para o seu envío a “*Augas de Galicia*”, co ánimo de solicitar as autorizacións precisas que permitan a celebración da Romería.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

#### **EXPTE. 4331/2017. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE.**

Visto o expediente para a contratación do contrato de obras denominado “*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)*”, con referencia CT 15/2017 (expediente gestiona 4331/2017).

Visto o informe favorable da Secretaría Accidental, coa conformidade de Intervención, asinado en data 1 de agosto de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto denominado “*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro*”, redactado polo arquitecto de obras municipal en febreiro de 2017, e cun orzamento de execución por contrata de 99.855,29 €.

Segundo. Aprobar o expediente de contratación da referida obra, cun orzamento total de 99.955,29 €, así como a aprobación do gasto, que queda desglosado do seguinte xeito:

<b>Orzamento base</b>	<b>21% IVE</b>	<b>Orzamento total</b>
82.525,03 €	17.330,26 €	99.855,29 €



## Concello de Viveiro

---

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto. Declarar a tramitación urxente do procedemento.

Quinto. Nomear como director da obra ao arquitecto municipal de obras D. *Santiago Meitín Míguez*, e no suposto da súa ausencia, nomear para a súa substitución á arquitecta técnica, D<sup>a</sup>. *Irene Fernández Cora*, e, en substitución desta, á arquitecta técnica-enseñeira de edificación, D<sup>a</sup>. *Ana Coya Guerrero*.

Sexto. Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de “tres días” naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares:

<b>Denominación empresa</b>	<b>Dirección</b>
Carferlo S.L.	Polígono Industrial de Camba, parcela 56-57 Xove - Lugo
Viaqua, Gestión integral de Aguas de Galicia S.A.U.	Avda. Benito Galcerán núm. 22-24 27850 Viveiro (Lugo)
Construcciones Cazás S.L.	Avda. Arcadio Pardiñas 117 27880 Burela (Lugo)

Sétimo. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ao Departamento de Intervención.

### **EXPTE. 4150/2016.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D<sup>a</sup>. Antonia Martínez Alvarez, en calidade de Administradora da Entidad Mercantil “ASISTENCIA SOCIAL Y LIMPIEZAS, S.L.”

Visto que no expediente constan os seguintes antecedentes:

- Que na sesión da Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2017, deuse conta dos seguintes extremos:

- Do escrito presentado o día 29 de novembro de 2016 pola representante da entidade mercantil “Asistencia social y Limpiezas S.L.”, con CIF núm. B27250604, solicitando a devolución do aval presentado no seu día para garantir a execución do contrato, por importe de 8.500 €.
- Dos informes para a devolución do aval, emitidos pola Técnico xurídico municipal, Servizo de Contratación e Director de Servizos Sociais.
- Que por parte da Secrearia e do Interventor por delegación púxose

## Concello de Viveiro

---

de manifesto que no día de hoxe se recibíu dixidencia de embargo da Axencia Tributaria sobre a empresa "Asistencia Social y Limpiezas S.L.", acordando deixar o asunto sobre a mesa para a petición e informe xurídico previo, ao departamento de servizos xurídicos, en relación á dilixencia de embargo recibida da Axencia Tributaria, previo á adopción do acordo sobre a devolución do aval solicitado.

- Visto o informe emitido pola Técnico xurídico do Concello, asinado dixitalmente o 1 de agosto de 2017, que, literalmente transcrito, di:

*"María Nieves Leita Cora, técnico jurídico del ayuntamiento de Viveiro, a la vista de los siguientes*

### ANTECEDENTES

*Primero.- Con fecha 29 de noviembre de 2016 por doña Antonia Martínez Álvarez, en calidad de administradora de la Entidad Mercantil Asistencia Social y Limpiezas, S.L, con CIF B27250604, se solicitó la devolución del aval por la prestación del servicio de " Axuda no fogar", del contrato caducado en al 2007.*

*Segundo.- Ante dicha solicitud por parte de los servicios jurídicos se emitió informe en el que se concluye que una vez que se ha dado total y perfecto cumplimiento a las obligaciones avaladas, procedería la devolución del mismo.*

*Asimismo se realizó el pertinente informe por el Servicio de Contratación y por el director de Servicios Sociales.*

*Tercero.- Con fecha 10 de julio de 2017 la Xunta de Gobierno Local, que resolvería sobre la devolución de dicho aval, ante la puesta de manifesto por parte de la Secretaría y del interventor por delegación de que en esta fecha tuvo entrada en el registro del ayuntamiento de Viveiro Diligencia de Embargo de Créditos contra la entidad mercantil Asistencia Social y Limpiezas S.L, ACUERDA:*

***" Primeiro: Deixar o asunto sobre a mesa para a petición de informe xurídico previa, ao departamento de servizos xurídicos, en relación á dilixencia de embargo recibida da Axencia Tributaria, previo á adopción do acordo sobre a devolución do aval solicitado"***

***Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Xurídicos para a emisión do informe referido no punto primeiro"***

*Cuarto .- Con fecha 10 de julio de 2017, tuvo entrada en este ayuntamiento la Diligencia de Embargo de Créditos acordada por la Agencia Tributaria contra el deudor " Asistencia Social y Limpiezas,SL", en la que se acuerda: " Tramitándose expediente administrativo de apremio para el cobro de deudas correspondientes al obligado al pago (deudor) arriba identificado y habiendo transcurrido el correspondiente plazo de ingreso sin que haya atendido al pago, teniendo constancia, según los datos y antecedentes que constan en la Agencia Tributaria, de la relación comercial que mantiene con el citado obligado al pago, **SE DECLARAN EMBARGADOS los créditos a favor del mismo que tenga usted pendientes de pago a la fecha en que reciba esta diligencia, ya sean cantidades facturadas, pendientes de factura o que no requieran facturación, así como de aquéllos que sean consecuencia de prestaciones aún no realizadas derivadas de cualquier tipo de contrato en vigor con el citado obligado al pago, en cantidad suficiente para cubrir el importe de la deuda no ingresada en período voluntario, el recargo de apremio ordinario, los intereses y costas del procedimiento de apremio, por un importe total de 1.680,43 euros.***

*El embargo dictado alcanza también a las retenciones efectuadas en garantía de los servicios prestados".*

### CONSIDERACIONES JURÍDICAS

*Primera.- En el departamento de Tesorería e Intervención consta el Aval Bancario prestando por la entidad Asistencia Social y Limpiezas S.L en garantía de obras y servicios y que tiene por objeto responder de las obligaciones derivadas del contrato de ayuda en el hogar, por importe de 8.500 euros.*

*Segunda.- Por la xunta de gobierno local se solicita informe sobre si procede tras la citada diligencia de embargo, el embargo de dicho aval.*

*En primer término, es necesario establecer la naturaleza de las garantías administrativas, documentadas y materializadas en aval bancario, naturaleza que, nada tiene que ver con la de los derechos de crédito*

## Concello de Viveiro

---

cuyo embargo dispone, en el presente supuesto, la Agencia Tributaria.

Así, la naturaleza jurídica de la garantía que representa el aval no puede confundirse con un crédito personal del deudor y, por tanto, sujeto a embargo, pues aquel constituye un derecho del contratista que no tiene por objeto su devolución efectiva en metálico. Se trata de un contrato accesorio de garantía, cuya existencia aparece ligada íntimamente al contrato principal (el de la ejecución de obras y servicios), lo que implica que concluido este se extingue la obligación accesorio y, por tanto, el avalista nunca podrá extender su garantía más allá de lo que hubiere avalado. Como consecuencia de lo anterior, puede sostenerse que el régimen de garantías públicas descansa en los caracteres de unilateralidad, obligatoriedad y accesoriedad respecto de la obligación principal. La jurisprudencia lo ha señalado así específicamente, estableciendo que "son caracteres de la fianza administrativa, la unilateralidad, la obligatoriedad, la consustancialidad a la contratación administrativa y la inembargabilidad. Este es el caso de la fianza definitiva, es decir, aquella que trata de garantizar el cumplimiento de las obligaciones asumidas por el contratista. Por tanto, la fianza está primordialmente afecta a las responsabilidades del contratista por actos propios derivados de la ejecución del contrato" (Sentencia del TSJ de Baleares de 16 de febrero de 1994).

Es decir, el aval es un contrato eminentemente finalista, que nace y muere, de manera exclusiva y excluyente, con la ejecución del contrato para cuya garantía se constituye. Por ello, el ámbito de protección de las garantías se circunscribe, en principio, exclusivamente al cumplimiento de la obligación garantizada. No alcanza al resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 del Código Civil), la responsabilidad del avalista se limita a la obligación que garantiza, como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Código Civil (artículos 1822 al 1856) y del propio Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, que en su artículo 100 al enumerar los conceptos por los que responden las garantías definitivas, conecta tales conceptos al incumplimiento del contratista frente a la administración y no frente a terceros, y no enumera entre las responsabilidades afectas a las garantías la posibilidad de destinar las mismas, por mandato legal o judicial, a la satisfacción de deudas u obligaciones que el avalado tenga contraídas con un tercero ajeno al aval constituido.

TERCERA.- En consecuencia, la garantía definitiva prestada por la entidad reclamante, lo fue por medio de un aval bancario para responder de las obligaciones derivadas del contrato de ayuda en el hogar, por lo que al no constituir una garantía personal de dicha entidad, en ningún caso puede convertirse en un derecho de crédito, ya que el obligado directo frente al incumplimiento del contratista es el avalista, que no puede ser obligado a más de lo que estuviere el obligado principal, ni a garantizar otras obligaciones o cumplimientos contractuales que aquellos para los que se hubiese librado el aval. No puede el aval tener la consideración de crédito embargable, porque no es propiamente un crédito a favor del contratista, sino a favor del ayuntamiento de Viveiro y para una finalidad concreta y determinada. Solamente podría exigirse al avalista la entrega o disposición del importe garantizado en el caso de incumplimientos contractuales por parte del contratista u otros gastos avalados con la garantía constituida conforme al pliego del contrato, pero nunca responder de unas obligaciones para las que no se constituyó, como en el presente caso sería satisfacer una deuda que el contratista tiene contraída con un tercero (Agencia Tributaria).

En razón de cuanto ha quedado expuesto,

### CONCLUSIÓN

El aval bancario constituye un derecho frente a la entidad avalista que solamente puede ser materializado por el incumplimiento de las obligaciones de que responde dicho aval, pero que en modo alguno debe responder de otras deudas del contratista principal, motivación que permite descartar la consideración del aval como crédito embargable por la Diligencia de Embargo de Créditos acordada por la Agencia Tributaria notificada a este ayuntamiento en fecha 10 de julio de 2017.

Este es mi informe, que emito en Viveiro a la fecha que consta al margen.

Servicios Jurídicos

María Nieves Leitao Cora.

Documento firmado digitalmente al margen."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base ó informe emitido polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Devolver a D<sup>a</sup>. Antonia Martínez Álvarez, en calidade de Administradora da Entidad Mercantil "ASISTENCIA SOCIAL Y LIMPIEZAS,



## Concello de Viveiro

---

S.L.” a fianza depositada para responder ás obrigas derivadas do contrato de axuda no fogar, por importe de 8.500,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados e ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 2 de agosto de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.